



PLAN DIXITAL

CEIP de GALÁN
Oseiro- Arteixo

[Versión 1.0_ xuño 2022]

Índice do Plan Dixital

1. [Introdución](#)
 - 1.1. Datos básicos do centro
 - 1.2. Contextualización do plan dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro
 - 1.3. Breve xustificación do mesmo
 - 1.4. Proceso de elaboración

2. [Situación de partida](#)
 - 2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais
 - 2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO
 - 2.3. Análise DAFO

3. [Plan de Acción](#)
 - 3.1. Obxectivos, indicadores e accións
 - 3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

4. [Avaliación do PD](#)
 - 4.1. Seguimento do Plan de Acción
 - 4.2. Propostas de mellora (revisión)

5. [Difusión do PD](#)

1. Introducción

1.1. Datos básicos do centro

- Denominación: CEIP de Galán
- Titularidade: Pública
- Código do centro: 15023041
- Niveis educativos: 2º Ciclo de Educación Infantil /Educación Primaria
- Servizos complementarios: Transporte Escolar e Comedor (Consellería e de Xestión Indirecta). Empresa de catering Jardanay S.L
- Servizo de mañanceiros (xestionado polo Concello de Arteixo)
- Actividades extraescolares.
- Dirección: Rúa Miguel de Cervantes, 21 (15141)
- Teléfono e fax: 881880903/881880906
- Correo electrónico: ceip.galan@edu.xunta.es
- Páxina web: <http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipgalan>
- Total alumnado: 397
- Total profesorado: 33
- Persoal non docente: 3
- Persoal servizo comedor: 6
- Persoal de limpeza: 3

1.2. Contextualización do Plan Dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro

O CEIP de Galán está situado na parroquia de Oseiro, no Concello de Arteixo.

San Tirso de Oseiro é unha das trece parroquias que abarca o Concello de Arteixo. As áreas de influencia do CEIP de Galán son:

E. Infantil: Suevos, Uxes e Núcleo de Oseiro: Distrito 1º-sección 4ª Parte do distrito 1º-sección 9ª (segundo o rueiro principal). Núcleo de Rañobre, núcleos sen vía.

E.Primaria: Suevos, Rañobre, Uxes, Oseiro, Pastoriza e Vilarrodís.

Contamos con dúas escolas de infantil adscritas :

Escola de Infantil de Barrionovo e a Escola de Infantil de Vilarrodís.

O CEIP de Galán está adscrito ao IES de Pastoriza para o alumnado que curse educación secundaria obrigatoria.

O concello de Arteixo atópase preto da cidade da Coruña e da súa área de influencia.

O alumnado escolarizado procede, na súa maioría, dun entorno castelán- falante, o que implica que a nivel lingüístico a lingua empregada habitualmente sexa o castelán. Tamén hai unha presenza significativa de alumnado procedente doutros países (tanto de procedencia hispano falante como doutros países con descoñecemento tanto do castelán coma do galego). Aínda así, hai que subliñar que ámbalas dúas linguas conviven tanto na escola como a nivel familiar e noutros momentos da vida cotiá (rúa, xardíns, colexio, compras,..), con supremacía no uso espontáneo do castelán.

Proxectos nos que participa o centro:

- Proxecto Arteixo Innovación.
- Contratos-Programa/ Programa ARCO
- Seccións Bilingües
- Proxecto E-Dixgal.
- Voz Natura.
- Programa de Lingua Árabe e Cultura Marroquí.

Todos estes proxectos están enmarcados no uso dos recursos dixitais do centro e na aplicación das Tic.

A andaina do CEIP de Galán na implantación das novas tecnoloxías comezou no curso 1999/2000 no que se dotou con dous ordenadores de 2ª man á aula de P.T. e á de A.L. A partir de aí o crecemento foi continuo e exponencial.

No curso 2014-2015 déronse de baixa algúns equipos obsoletos e continuouse coa incorporación de novos portátiles, novas impresoras e equipos de sobremesa para o

profesorado. Ademais iniciouse o programa de libros dixitais da Xunta (E-Dixgal), o cal supuxo un grande avance.

Cumpríuse un fito perseguido por moitos anos no CEIP de Galán, que é o aumento de Megas na conexión a Internet, así como a integración ao proxecto de Arteixo Innovación que permitiu a dotación de 20 Ipads e un carro de carga.

No curso 2015-2016 continuouse co progresivo incremento de dotación e fíxose un esforzo de mellora na xestión de recursos, na asesoría e facilitación de medios aos mestres e mestras e na proporción dun itinerario formativo para o uso eficiente de recursos.

O proceso integrou varias etapas, utilización dos Ipads no contexto escolar de maneira lonxitudinal, afectando aos niveis de Infantil e de Primeiro ata Cuarto de Primaria.

Participouse en Formación do profesorado por medio dun PFPP no curso 2016/2017 e de formación para a utilización dos Ipads no 2017/2018.

Estableceuse unha interface común para todos os niveis tendo como referencia proxectos doutros centros e o criterio do profesorado en canto as APP a implementar.

Realizouse un horario de utilización dos Ipads para o seu aproveitamento durante todo o tempo lectivo.

No 2018-2019, adquiríronse, mbots, beebots, neuron inventor, pizarras dixitais para as aulas de apoio e proxectores.

No 2020, a subvención foi por mantemento debido á pandemia. No actual curso, incorporouse a adquisición de impresoras 3D.

1.3. Breve xustificación do mesmo

A Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación, regula diferentes aspectos relacionados coa competencia dixital e a innovación educativa, así no artigo 121 establece que o proxecto educativo do centro recollerá, entre outros aspectos, a estratexia dixital do centro, de acordo co establecido no artigo 111 bis, no que se establece que as Administracións educativas e os equipos directivos dos centros promoverán o uso das tecnoloxías da información e a comunicación (TIC) na aula como medio didáctico apropiado e valioso para levar a cabo as tarefas de ensino e aprendizaxe, utilizando os marcos de referencia da competencia dixital que orienten a formación inicial e permanente do profesorado e faciliten o desenvolvemento dunha

cultura dixital nos centros e nas aulas. O artigo 132 da devandita Lei establece como competencias dos directores e directoras, entre outras, exercer a dirección pedagóxica, promover a innovación educativa e impulsar plans para a consecución dos fins do proxecto educativo do centro; e fomentar a cualificación e formación do equipo docente, así como a investigación, a experimentación e a innovación educativa no centro. A disposición adicional quinta da Resolución do 17 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional (DOG 30 de xuño), pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de educación infantil, educación primaria, educación secundaria obrigatoria e bacharelato no curso académico 2021-2022, e na disposición adicional terceira da Resolución do 18 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento dos ciclos formativos de formación profesional do sistema educativo no curso 2021- 2022 sinala que os centros docentes elaborarán no curso 2021-2022 o seu Plan Dixital de acordo coas instrucións que se diten.

A Resolución do 3 de setembro de 2021, da Secretaría xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o deseño, elaboración e implementación do Plan Dixital nos centros docentes sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia para o curso 2021-2022. Esta resolución ten por obxecto establecer as medidas de actuación relativas ao deseño, elaboración e implementación do Plan Dixital para o curso 2021-2022, nos centros docentes sostidos con fondos públicos correspondentes ao ámbito de xestión da Comunidade Autónoma de Galicia

1.4. Proceso de elaboración

Para a elaboración deste plan creamos un Equipo de Dinamización do Plan Dixital, composto por tres membros, sendo un deles o coordinador.

Durante o curso realizáronse diversas reunións para a planificación e organización do traballo posta en común, discusión e redacción do Plan.

Comezamos coa preparación e realización dun SELFIE e un Cuestionario que foi pasado tanto a docentes como a alumnado do centro no caso do primeiro, e o segundo realizado polos docentes a través de FPprofe. Despois de realizado este proceso, o seguinte paso foi completar un DAFO con toda a información recollida nos cuestionarios anteriores, con esa información fixemos un Plan de acción do centro e por último a redacción deste Plan Dixital.

Durante todo este proceso sempre tivemos o apoio e formación do Adix, asesorándonos e proporcionándonos material necesario para a súa elaboración.

2. Situación de partida

2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais

O CEIP de Galán é un centro que consta dunha importante infraestrutura dixital, somos un centro Edixgal, o que supón que todas as aulas de 5º e 6º de primaria están dotadas de toda a infraestrutura típica dun aula Edixgal: proxector, rede wifi, carro de carga, pantalla dixital, ordenadores de alumnado, ordenador de mestre de aula, ordenador persoal para os docentes que imparten materias nestes cursos e soporte técnico para todo este equipamento.

O centro tamén dispón de conexión wifi en todo o centro que permite o acceso a internet en todas as dependencias do centro. Todas as aulas teñen proxector, ordenador de aula e pantalla de proxección. Nas aulas de infantil, primeiro de primaria, música e inglés as pizarras son dixitais.

Tamén dispoñemos dunha aula informática onde hai ordenadores de sobremesa e tablets con carro de carga para uso de todo o centro e as titoría de 3º e 4º dispoñen de ordenadores do alumnado do programa Abalar.

As persoas docentes teñen a súa dispoñibilidade a aula Virtual do centro onde colgar contidos e recursos de apoio para as súas clases.

O centro actualiza e comunica información relevante na súa páxina web e a fomenta a comunicación coas familias a través de Abalar móbil, aplicación moi usada polos titores para comunicarse coas familias, xustificación de faltas e titorías.

Todo este equipamento mantemento e actualización é feito polo Equipo Tic e unha empresa contratada externa ao centro.

O CEIP de Galán participa no Proxecto Innovación Arteixo, que fomenta o uso e formación nas ferramentas dixitais tanto a docentes como alumnado e dota o centro cunha partida económica para invertir en infraestrutura dixital, impresoras 3D, tablets, ordenadores...

Por último tamén participamos en proxectos como Digicraft que ao igual que o proxecto anterior dota ao centro de recursos e materiais dixitais encamiñados a 5º e 6º de primaria.

2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO

Areas	Grupos	Ensinanzas
		Primaria
A - Liderado	Equipo Direct.	3
	Profesorado	3,1
	Alumnado	-
B- Colaboración e redes	Equipo Direct.	2,3
	Profesorado	2,4
	Alumnado	3,8
C- Infraestruturas e Equipos	Equipo Direct.	5
	Profesorado	4,2
	Alumnado	4,2
D- Desenvolvemento profesional continuo	Equipo Direct.	3,3
	Profesorado	3,1
	Alumnado	-
E- Pedagogía: Apoio e Recursos	Equipo Direct.	4
	Profesorado	4
	Alumnado	-
F- Pedagogía: Implementación na aula	Equipo Direct.	2,2
	Profesorado	3,1
	Alumnado	3,6
G- Prácticas de avaliación	Equipo Direct.	2
	Profesorado	2,6
	Alumnado	-
H- Competencias dixitais do alumnado	Equipo Direct.	3,3
	Profesorado	3,3
	Alumnado	4,2

1.3. Participación segundo perfil do profesorado

	N.º profesorado que participa	N.º profesorado total	% participación
DEFINITIVO	14	27	51,9
PROVISIONAL	0	1	0
INTERINO	4	5	80
SUBSTITUTO	3	7	42,9
DESPRAZADO	0	0	0

21. Puntuación e nivel de competencia do centro

Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
77	INTEGRADOR/A(B1)	76,4	INTEGRADOR/A(B1)

22. Puntuación e nivel de competencia por etapas

	Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
INF	59,2	EXPORADOR/A (A2)	68,2	INTEGRADOR/A(B1)
PRIM	81,4	INTEGRADOR/A(B1)	77	INTEGRADOR/A(B1)

23. Distribución do profesorado por niveis

	Total profesorado no nivel de competencia	% de profesorado participante neste nivel
A1	1	4,8
A2	7	33,3
B1	7	33,3
B2	5	28,3
C1	1	4,8
C2	0	0
TOTAL	21	100,00%

2.3. Análise DAFO

INTERNOS		FORTALEZAS	DEBILIDADES
CATEGORÍAS	INFRAESTRUTURAS-EQUIPAMENTO	<ol style="list-style-type: none"> 1. Aulas ben equipadas dixitalmente. 2. Acceso a internet no centro. 3. Asistencia técnica 4. O alumnado dispón de dispositivos persoais para o para aprendizaxe nas aulas. 	<ol style="list-style-type: none"> 1. Obsolescencia dos equipos dixitais. 2. Espazos mal estruturados para realizar actividades dixitais. 3. Dificultades conectividade (contas, usuarios...)
	PERSOAL DOCENTE	<ol style="list-style-type: none"> 1. Implicación no uso das novas tecnoloxías na aula. 2. Interese e participación en actividades de formación continua. 3. Uso das tecnoloxías na impartición da formación do alumnado. 4. Uso de diferentes recursos online. 5. Comunicación coa comunidade educativa. 	<ol style="list-style-type: none"> 1. Pouca formación nas novas tecnoloxías. 2. Falta de actualización nas novidades tecnolóxicas 3. Escasa creación de recursos propios. 4. Falta e tempo para creación, formación e investigación nos recursos dixitais. 5. Transformar a práctica docente co uso de ferramentas dixitais.
	PERSOAL NON DOCENTE	<ol style="list-style-type: none"> 1. Dispón de recursos humanos para tarefas administrativas e de funcionamento. 	<ol style="list-style-type: none"> 1. O centro non lle proporciona equipamento e formación.
	ALUMNADO	<ol style="list-style-type: none"> 1. Familiaridade coas novas tecnoloxías. 2. Forte implicación e motivación polo uso das novas tecnoloxías. 	<ol style="list-style-type: none"> 1. O centro non lle proporciona equipamento e formación.
	FAMILIAS	<ol style="list-style-type: none"> 1. Uso das vías comunicativas dixitais oficiais. 	<ol style="list-style-type: none"> 1. O centro non lle proporciona equipamento e formación.
	OFERTA	<ol style="list-style-type: none"> 1. Diversidade de recursos dixitais (robótica, impresión 3D...) 	<ol style="list-style-type: none"> 1. Baixa competencia dixital das familias. 2. Pouca dispoñibilidade de equipos dixitais no fogar. 3. Falta de punto de conexión a internet 4. Descoñecemento do funcionamento das ferramentas dixitais e comunicativas do centro.
	ORGANIZACIÓN DO CENTRO	<ol style="list-style-type: none"> 1. Posúe unha forte estrutura dixital 2. Fomento da Aula virtual e software libre. 3. Utilización das canles oficiais de comunicación e formación. 	<ol style="list-style-type: none"> 1. Falta dunha estratexia dixital. 2. Inexistencia de proxectos interdisciplinares. 3. Ausencia iniciativas internas para a formación do profesorado e alumnado.

EXTERNOS		OPORTUNIDADES	AMEAZAS
CATEGORÍAS	ADMINISTRACIÓN EDUCATIVA	<ol style="list-style-type: none"> 1. Provisión de equipamento e recurso para Educación Dixital 2. Creación da infraestrutura necesario para o traballo na aula. 	<ol style="list-style-type: none"> 1. Escaseza de plans de formación. 2. Deficiente rotación e e actualización da equipación dixital. 3. Dotar o docente de horario libre disposición para elaboración de recursos 4. Rapidez de resposta ante as novas propostas dixitais. 5. Resposta lenta as novas necesidades.
	LEXISLACIÓN	<ol style="list-style-type: none"> 1. Leis que promoven o uso das TICs. 2. Defensa e protección dos dereitos de autor. 3. Protección de datos. 	<ol style="list-style-type: none"> 1. Falta de estabilidade na normativa curricular. 2. Condicionamento no funcionamento e publicitación do centro.
	CONTORNA	<ol style="list-style-type: none"> 1. Implicación e participación na vida escolar. 	<ol style="list-style-type: none"> 1. Non promover actividades de formación das familias en novas tecnoloxías.
	ANPA	<ol style="list-style-type: none"> 1. O Concello ten un programa para dotar e desenvolver as novas tecnoloxías. 	<ol style="list-style-type: none"> 1. Non promover actividades de formación das familias en novas tecnoloxías.
	OUTRAS ENTIDADES	<ol style="list-style-type: none"> 1. Colaboración de entidades externas como a Guardia Civil, Asociacións, Universidade e Centros externos. 	

3. Plan de Acción

3.1. Obxectivos, indicadores e accións

O fin fundamental deste Plan Dixital é a mellora da competencia dixital tanto dos docentes como do alumnado do centro. A partir de toda a información recollida no centro, detectando oportunidades, necesidades, fortalezas e debilidades que nos axudaron a establecer o punto de partida.

Establecemos e marcamos uns obxetivos para a mellora desta competencia sempre tendo en conta da situación da cal partimos para poder lograr uns obxetivos asequibles.

Nas táboas que presentamos a continuación está reflexado o plan de actuación para o vindeiro ano.

Táboa do Plan de Acción do Plan Dixital de Centro para cada obxectivo

Área/s de mellora: INFRAESTRUCTURAS E EQUIPAMENTOS						
OBXECTIVO 1: (1)	Reorganización e dotación de equipamento da aula de informática.				Acadado	
Responsable:	Equipo TICs				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO: (2)	Nova distribución e dotación de equipamento da aula de informática.					
Valor de partida: (3)	3% de equipamento					
Valor previsto e data: (4)	80% de equipamento			20/06/2023		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
AO1.1: Determinar as necesidades de espazos na aula de informática de cada nivel de Infantil e Primaria	Equipo TIC	15/12/2020			Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.2: Replanteamento do espazo da aula de informática.	Equipo TIC	31/03/2023			Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.3: Dotar de equipamento a aula de informática, adaptado a cada nivel.	Equipo TIC	15/05/2023	Software e hardware específico.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

Táboa do Plan de Acción do Plan Dixital de Centro para cada obxectivo

Área/s de mellora: APOIO E RECURSOS						
OBXECTIVO 1: (1)	Deseño e elaboración de actividades para un Obradoiro dixital permanente no centro.				Acadado	
Responsable:	Equipo TICs e docentes do centro.				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO: (2)	Actividades creadas.					
Valor de partida: (3)	0% Actividades creadas.					
Valor previsto e data: (4)	50% Actividades creadas.			20/06/2023		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
AO1.1: Determinar actividades dixitais a diseñar por niveis do centro.	Equipo TIC e docentes do centro.	30/11/2022			Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.2: Deseño e elaboración de actividades.	Equipo TIC e docentes do centro	31/05/2023	Software e hardware específico.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	



3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

Entre os obxectivos que se marcou o noso centro está a reformulación da aula de informática, converténdoa nun Obradoiro Dixital, establecendo recuncho onde todo alumnado poida traballar e experimentar coas novas tecnoloxías (robótica, domótica, deseño en 3D, realidade virtual...). Tamén está pensada como un lugar de traballo onde o profesorado poida deseñar e levar a cabo as distintas actividades co seu grupo.

Así vendo a situación de partida cunha aula moi desfasada en canto a ordenadores creemos necesaria a seguinte dotación para levar a cabo estes obxectivos:

Equipamento	Dotación	Necesidade	Finalidade
	12 ordenadores	Ordenadores moi obsoletos. (<i>Anexo fotos</i>)	Dotar a aula de informática de novo equipamento, para diseñar e realizar actividades.

Anexo fotos:



4. Avaliación do plan

Durante o vindeiro curso faráse un seguimento da consecución dos obxectivos plantexados no noso Plan de Acción polas persoas nel implicadas. Para iso faremos dous tipo de avaliación:

- No contexto da avaliación procesual a frecuencia da súa realización será como mínimo unha vez ao trimestre. Os aspectos a valorar incluírán o estado da execución das accións, a análise e valoración dos resultados e, de ser o caso, as posibles modificacións das accións e as propostas de mellora.
- No contexto da avaliación final a frecuencia da súa realización será como mínimo unha vez ao ano. Os aspectos a considerar incluírán, entre outros, a valoración do logro dos obxectivos e as propostas de mellora.

5. Difusión do plan

O Plan Dixital presentarase ao Claustro e ao Consello Escolar para a súa aprobación. Previamente enviarase por correo electrónico unha copia do mesmo aos membros do claustro e do consello. A ANPA a través da súa representación no Consello recibe tamén copia do plan.

Unha vez aprobado enviarase á Inspección Educativa e publicarase na páxina web do centro para coñecemento da comunidade educativa. Ás familias enviarase por Abalar a comunicación da súa publicación.

Na Secretaría do centro haberá unha copia impresa para a súa consulta por calquera membro da comunidade educativa, de ser o caso.

O profesorado disporá de copia a través do seu correo corporativo. Facilitarase así mesmo ao inicio de curso unha copia ás novas incorporacións de profesorado e ao profesorado que cubra substitucións no centro ao longo do curso.

Calquera modificación ou proposta de mellora que se produza seguirase o protocolo citado anteriormente.